

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 12/2022

#### SESIÓN ORDINARIA (agosto) DO 7 DE SETEMBRO DE 2022

#### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

##### Ditames das comisións informativas:

##### FOMENTO, SERVIZOS, PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

1. Desafectación do dominio público de parcelas e edificacións municipais de equipamento deportivo, reserva de estacionamento e parque urbano de Cornixa nos terreos da antiga ETEA. Expte. 21023/240 (Expte. Pleno 3507/1101).

##### ORGANIZACIÓN MUNICIPAL, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ZAMENTOS E FACENDA

2. Determinación das festividades locais no ano 2023. Expte. Pleno 3505/1101.

##### Mocións:

3. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto e material escolar. Expte. Pleno 3526/1101.
4. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a redución do número de alumnos por aula, mellorando a calidade educativa, e a garantir os postos de traballo de todo o profesorado dos centros da cidade. Expte. Pleno 3527/1101.
5. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan de Choque para reducir as listas de agarda de valoración de persoas dependentes e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3529/1101.
6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a asumir as súas competencias para garantir os recursos hídricos necesarios para asegurar o abastecemento da poboación e a actividade económica de Vigo. Expte. Pleno 3530/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 1 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

7. Moción do grupo municipal Socialista instando a implementar unha liña de subvencións ao transporte público urbano de Vigo que posibilite minorar o custo do billete e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3531/1101.

### **PARTE DE CONTROL**

8. Dar conta de resolucións da Alcaldía do 19.07 ao 26.08.22. Expte. 1277/1102 (Expte. Pleno 3518/1101)
9. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 19.07 ao 26.08.22. Expte. 1278/1102 (Expte. Pleno 3519/1101).
10. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 8.08.22, referente á estrutura da Corporación e Delegación 2019-2023. Expte. 598/1102. (Expte. Pleno 3520/1101).

### **Mocións.**

11. Moción do membro non adscrito para o despregamento de medidas municipais fronte ao agravamento da crise na cidade. Expte. Pleno 3525/1101.
12. Moción do grupo municipal Mixto para a creación dunha oficina municipal da enerxía que promociione as comunidades enerxéticas locais e outras medidas de índole enerxético en Vigo. Expte. Pleno 3523/1101.
13. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a realizar unha auditoría externa da concesión de abastecemento e saneamento da cidade dende o ano 2011 ata a actualidade, dando conta ao Pleno e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3528/1101.
14. **Formulación de rogos.**
15. **Formulación de preguntas.**

### ASISTENTES

#### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón  
Aguiar Castro Yolanda  
Aneiros Pereira Jaime (R)  
Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
Caride Estévez María José  
Espinosa Mangana Elena

#### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota  
Egerique Mosquera Teresa  
López Román Patricia  
Marnotes González José Alfonso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 2 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Estévez Rodríguez Pablo Luis  
Fernández Pérez José Manuel  
Gómez Díaz Gorka  
Iglesias González Ana Laura  
Lago Barreiro María del Carmen (R)  
López Font Carlos  
Losada Alvarez Abel Fermín  
Mejías Sacaluga Ana Maria  
Pardo Espiñeira Francisco Javier  
Rivas González Ángel  
Rodríguez Calviño Patricia  
Rodríguez Díaz Santos Héctor  
Rodríguez Rodríguez Nuria  
Silva Rego M<sup>a</sup> Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana  
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día sete de setembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira (telematicamente), Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro (telematicamente), López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

*Incidencia. O presidente comunica que debido a un erro material no título do punto nº 11, procédese a cambialo e poñelo correctamente, e debaterase a moción na mesma orde.*

## PARTE RESOLUTIVA

### DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

#### **1.(153) DESAFECTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO DE PARCELAS E EDIFICACIÓNS MUNICIPAIS DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO, RESERVA DE**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 3 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ESTACIONAMENTO E PARQUE URBANO DE CORNIXA NOS TERREOS DA ANTIGA ETEA. EXPTE. 21023/240 (EXPTE. PLENO 3507/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 26 de xullo do 2022, a xefa da Área de Xestión Patrimonial co conforme da concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“Primeiro.- En data 10 de febreiro de 2009, a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo formalizaron un convenio co obxecto de posibilitar que a Xunta de Galicia poida levar a cabo a implantación do Campus Científico Tecnolóxico, “Cidade do mar”, materializando a disponibilidad dos terreos e edificacións necesarias para dita implantación, propiedade do Consorcio da Zona Franca de Vigo, por compravenda formalizada en xaneiro de 2004, vencellándoa á tramitación por parte da Xunta de Galicia dun Plan Sectorial de carácter supramunicipal, antes do 31 de decembro de 2012.

Segundo dito convenio, o Consorcio da Zona Franca transmitiu ás administracións autonómica e local os terreos e edificacións do ámbito territorial da ETEA. Así é, a cláusula quinta do Convenio determina que o o Concello adquire a titularidade dos seguintes terreos e equipamentos (sen edificabilidade lucrativa):

- Terreos nomeados no convenio “Zona 4”: 31.291 metros cadrados destinados a equipamento deportivo, reserva de estacionamento e parque urbano de cornixa.
- Terreos denominados no convenio “Zona 1”: 20.029 metros cadrados, destinados a viais, espazos libres e infraestruturas.

Ademais a cláusula quinta regula a compensación da transmisión das dúas parcelas por parte do Concello: *“pola súa parte, o concello de Vigo garantirá mediante a xestión urbanística do PXOM a achega para a adquisición do Sistema Xeral dotacional da ETEA dun importe de 11.500.000 euros procedente das cargas do ámbito de Gixar, dado que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes faríase cargo da mesma cantidade para a construción do tunel de Julián Estévez, importe que completa o valor patrimonial do ámbito ao que fai referencia a cláusula segunda do presente convenio”*

*Se transcurrido o ano 2012 —prosegue o segundo parágrafo da clausula quinta— non se tivera materializado a achega da cantidade sinalada no parágrafo anterior, o Concello de Vigo comprométese a compensar ao Consorcio con tal importe en solo de titularidade pública municipal, que será determinado de mutuo acordo entre o concello de Vigo e o Consorcio (...).”*

*“(...) No caso de que chegado o 31 de decembro de 2015 —se di no parágrafo cuarto da mesma cláusula Quinta— o Concello non houbera abonado de calquera das formas previstas nos parágrafos anteriores a cantidade de 11.500.000 euros, resolverase a transmisión, volvendo os inmobles a titularidade do Consorcio, sen que tal resolución comporte obrigación de indemnización algunha a favor do Concello. Os terreos unicamente permanecerán en poder do Consorcio durante o prazo previsto para executar a expropiación sinalada na cláusula seguinte e aos efectos de posibilitar esta”.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 4 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Na clausula seguinte, a Sesta páctase que: *“Na circunstancia de que antes do 31 de decembro de 2015 o Concello non tivera materializado o compromiso previsto na cláusula anterior, a Xunta de Galicia, para garantir a utilidade pública, e o equilibrio patrimonial das tres partes asinantes, materializará a expropiación e acceso á propiedade do solo das áreas 1 e 4 polo importe agora establecido de mutuo acordo de 11.500.000 euros. A tal efecto, a Xunta comprométese a incluír no Plan sectorial o sistema de actuación por expropiación recollendo as circunstancias anteriores e a executar a mesma nun prazo máximo de dous anos a contar dende o 31 de decembro de 2015.*

E a Sétima que: *“O Concello de Vigo porá a disposición da Xunta de Galicia os terreos e instalacións aos que fai referencia a cláusula quinta para os efectos de execución das actuacións previstas nos instrumentos de ordenación territorial. Para tales efectos, atendendo á necesidade de posibilitar o desenvolvemento inmediato das instalacións científico-tecnolóxicas, o Consorcio facilitará a autorización de uso ao Concello e á Xunta de Galicia dos terreos e instalacións da área, dos viais e espazos verdes libres así como das infraestruturas que aparecen delimitados no Anexo II como Zona I sempre que estivera rematada a tramitación deste convenio.*

*A Xunta de Galicia transferirá ao concello de vigo os viais e parques públicos que resulten da reurbanización da “Cidade do mar”, facéndose cargo da execución e financiamento das conexións viarias e dos servizos exteriores: rede eléctrica, saneamento e depuración, abastecemento de auga, rede de telefonía e datos, subministración de gas e calquera outro que puidera ser necesario ou conveniente. As condicións conforme ás cales deban realizarse estas actuacións determinaranse nun Acordo posterior a asinar entre as partes intervinientes*

En conclusión, o compromiso do Concello de Vigo é aportar para a xestión do ámbito “Cidade do mar” a cantidade de 11.500.000 €, como contraprestación da obriga asumida pola Xunta de Galicia de achegar a mesma cantidade para a execución do tunel da rúa Xulián Estévez; carga prevista no “APR 5-16 Guixar” do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008. Subsidiariamente, se transcurrido o ano 2012 non se tivera materializado a achega da cantidade sinalada no parágrafo anterior, o Concello de Vigo debía compensar ao Consorcio con tal importe en solo de titularidade pública municipal. Por último, o Concello tería que devolver os terreos no caso de que non se producise o grao de xestión suficiente do ámbito de Guixar como para materializar a carga en decembro do ano 2015 ou non existise acordo sobre os bens do PMS a entregar ao CZFV en compensación pola non achega da devandita cantidade de 11.500.000 €. Os terreos descritos serían devoltos ao CZFV, ata que fosen adquiridos de novo pola Xunta de Galicia por expropiación.

Segundo.- En data 24 de febreiro de 2020 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditou sentenza 136/2020 en procedemento ordinario 4580/2017 pola que se estima a demanda promovida pola representación do Consorcio Zona Franca de Vigo contra o Concello de Vigo sobre inactividade declarando o incumprimento por parte do Concello de Vigo do convenio suscrito entre CZFV, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo de data 10 de febreiro de 2009 condenando ao abono ao CZFV da contraprestación estipulada pola transmisión dos terreos contida na cláusula quinta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 5 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

de dito convenio (11.500.000 euros ou o seu equivalente en solo municipal) ou de forma subsidiaria a restitución dos bens ao CZFV previa a súa desafectación.

Terceiro.- Con data 24.01.2022, por resolución da Alcaldía acórdase delegar na Concelleira de Contratación e Patrimonio, as facultades relativas a xestión e tramitación do expediente relativo a formalización dun acordo entre o CZFV e o Concello de Vigo que regularice a situación dos inmobles afectados polo convenio asinado en data 10 de febreiro de 2009 en execución da sentenza 136/2020 do TSXG.

En data 26.07.2022 dende a Concellería de Patrimonio remitiuse ao CZFV unha proposta de convenio de execución da citada sentenza polo que, entre outras determinacións, propónse ao CZFV a restitución dos terreos entregados no seu día ao concello de Vigo coñecidos como PS-4 do ámbito Cidade do mar, (parcela dotacional deportiva) e a sinatura co Consorcio dun convenio para a cesión a título oneroso do uso das ditas instalacións deportivas.

Como queira que os terreos da PS4 están afectados ao servizo público de pavillón deportivo, con carácter previo e en execución de sentenza debe procederse a súa desafectación para ser restituídos ao CZFV de Vigo, e asemade acordar coa entidade pública estatal o dereito de uso que aos intereses das partes convengan.

Cuarto.- A medio de resolución de data 23.06.2022 a concelleira de Patrimonio acorda iniciar expediente para, en execución da sentenza 136/2020 do TSXG, proceder á desafectación do servizo público municipal da parcela PS-4 do ámbito "Cidade do mar" do Plan sectorial da ETEA, para ser restituída ao CZFV de Vigo, e sen prexuízo de acordar coa entidade pública estatal o dereito de uso da mesma que aos intereses das partes convengan.

Quinto.- En data 07.07.2022 a Concellería de deportes emite informe no que detalla o intenso uso das instalacións e xustifica o interese público en seguir utilizando as instalacións deportivas.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Normativa de aplicación

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

PRIMEIRO.- A parcela obxecto do presente expediente de alteración da súa natureza xurídica, consta na revisión do IMBD como de titularidade municipal, número de ben 4355 coa denominación de "EQUIPAMENTO DEPORTIVO, RESERVA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 6 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

DE ESTACIONAMENTO E PARQUE URBANO DE CORNIXA TERREOS ETEA" sita na Avda. da Mariña Española número 1 coa natureza xurídica de ben de dominio público, dunha superficie de 31.291 m2, adquirido mediante o citado convenio entre o CZFV e a Xunta de Galicia en data 10.02.2009.

SEGUNDO.- Como queira que os terreos da PS4 están afectos ao servizo público de pavillón deportivo, entre outros, con carácter previo e en execución de sentenza debe procederse a súa desafectación para ser restituídos ao CZF de Vigo, e asemade acordar coa entidade pública estatal o dereito de uso que aos intereses das partes convengan.

A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecido no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do R.D. 1372/86 RBEL, ó dispor que dita alteración xurídica levaráse a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente no que se acredite a súa oportunidade e legalidade, requirindo a súa adopción a cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece.

No presente caso, a alteración xustifícase no imperativo xudicial, Sentenza 136/2020 de data 24 de febreiro de 2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que declara o incumprimento por parte do Concello de Vigo do convenio suscrito entre CZFV, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo de data 10 de febreiro de 2009 condenando ao Concello de forma subsidiaria á restitución dos bens ao CZFV previa a súa desafectación, rectificándose, unha vez acadada a alteración da natureza xurídica, dita clasificación inventarial.

Todo esto sen prexuízo de pactar, habida conta do informe da Concellería de deportes, a cesión de uso da parcela PS-4 a cambio dunha contraprestación económica segundo resulte do expediente en trámite de execución de sentenza, número 20904.240, e así continuar na mesma as actividades que ata agora se viñan prestando nela, vovlendo de novo a rectificar a calificación xurídica da finca cando sexa oportuno.

TERCEIRO.- De acordo coa normativa vixente, a alteración da natureza xurídica do ben, desafectando do uso/servizo público co que consta reflectido no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, require como presuposto necesario, a adopción do acordo resolutorio que corresponda polo órgano competente, tendola atribuída o pleno do Concello de acordo co disposto no art. 123.1.p) da LRBL en relación co art. 269.1 da LALG, previo informe do Secretario do Pleno habida conta de que a aprobación esixe unha maioría especial.

CUARTO.- O expediente someteráse a información pública durante o prazo de un mes e polo procedemento regulamentario mediante as publicacións correspondentes no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, debendo resultar aprobado definitivamente se no prazo de información pública non se formulan alegacións ó mesmo, e noutro caso, trala resolución que para o efecto adopte o Excmo. Concello en Pleno (art. 8.2.RBEL).

Por todo o anteriormente exposto, previos informe do secretario xeral do Pleno e dictame da Comisión Informativa da Área de Xestión Municipal, propónse ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo...."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 7 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 19 de agosto o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico favorable á proposta.

O interventor municipal con data 19 de agosto, emitiu informe de fiscalización favorable.

DITAME. A Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación na súa sesión ordinaria do 31.09.22, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Incorpórase a concelleira Sra. Lago Barreiro en control remoto.*

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente a alteración da natureza xurídica da parcela municipal, denominada "EQUIPAMENTO DEPORTIVO, RESERVA DE ESTACIONAMENTO E PARQUE URBANO DE CORNISATERREOS ETEA" sita na Avda. da Mariña Española número 1, desafectandoa do demanio público.

2º.- Someter, polo procedemento regulamentario, o presente expediente a información pública, durante o prazo de un mes de acordo co art. 8.2 RBEL.

3º.- O presente acordo resultará aprobado definitivamente, se transcorrido o prazo de información pública non se houbesen presentado alegacións ó mesmo, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que para o efecto emita a Secretaría Xeral.

4º.- Que pola oficina do Inventario municipal, se proceda, unha vez, acadada a aprobación definitiva da presente alteración da natureza xurídica da propiedade n.º 4355 a efectua-la correspondente rectificación no Inventario municipal reflectindo a nova natureza xurídica de ben patrimonial resultante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 8 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## **2.(154) DETERMINACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS NO ANO 2023. EXPTE. PLENO 3505/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 11 de agosto de 2022, a concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, emite a seguinte proposta,

“O artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores establece no seu parágrafo primeiro un máximo de catorce festas laborais ao ano, con carácter retribuído e non recuperable, das cales dous serán locais

No mesmo senso o artigo 46 do RD 2001/1983, do 28 de xullo determina que serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición sexanlle propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente– e publicándose no «Boletín Oficial da Comunidade Autónoma» e, no seu caso, no «Boletín Oficial» da provincia.

Polo exposto trala publicación do Decreto 139/2002, do 21 de xullo polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023 procede elevar ao Pleno da Corporación previo ditame da Comisión de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D o seguinte acordo:

Deseguido a concelleira emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Activa e I+D, na súa sesión ordinaria do 31.09.22, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.-Declarar como Festas Locais en Vigo para o ano 2023

- Festividade da Reconquista: martes 28 marzo
- Festividade de San Roque: mércores 16 agosto

SEGUNDO.- Remitir este acordo a Xefatura Territorial Da Consellería De Economía, Emprego E Industria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 9 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## MOCIÓNS:

### **3.(155) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A GARANTIR A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. EXPTE. PLENO 3526/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de setembro de 2022, número 3526/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“A política de recortes dende a chegada de Alberto Nuñez Feijóo á Xunta de Galicia é xeneralizada e inxustificada e leva anos minguando a calidade da educación pública. Ao longo dos últimos meses asistimos a novos recortes que poñen de manifesto que a política do señor Rueda continuará nesa mesma liña.

Neste comezo de curso estamos a comprobar a insensibilidade do goberno da Xunta de Galicia que xa se puxo de manifesto dende a chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta no ano 2009 na que a súa primeira medida foi a supresión da gratuidade dos libros de texto.

A gratuidade dos libros de texto é unha medida perfectamente asumible nestes momentos nos que as familias teñen que facer un gran esforzo para asumir ese custo nun contexto económico complexo.

A medida de gratuidade dos libros e do material escolar é algo fundamental para axudar ás familias a afrontar un inicio de curso que ven marcado polo incremento de prezos.

Son numerosas as medidas que está a tomar o goberno de Pedro Sánchez para apoiar as clases medias e traballadoras e para protexer aos máis vulnerables. As consecuencias da guerra de Ucraína derivaron na alza dos prezos da enerxía, pola escaseza de subministro, provocando uns altos niveis de inflación que o goberno de España está decidido a dar resposta para protexer á maioría social. Cal foi a resposta do Partido Popular? Votar en contra de todas esas medidas de protección social.

A Xunta de Galicia debería sumarse a esas medidas empezando por garantir a gratuidade dos libros de texto e material escolar. Resulta sorprendente que o señor Feijoo reclame medidas similares noutras CC.AA. nas que non goberna o Partido Popular e non as apliquen en Galicia.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 10 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Instar á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto e material escolar de forma inmediata.”
- 

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 2.09.2022 (Rex. Nº 3526/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*Incidencia. Auséntanse do Salón de Plenos o Alcalde-Presidente e a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, pasando a presidir a sesión o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.*

#### **4.(156) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REDUCIÓN DO NÚMERO DE ALUMNOS POR AULA, MELLORANDO A CALIDADE EDUCATIVA, E A GARANTIR OS POSTOS DE TRABALLO DE TODO O PROFESORADO DOS CENTROS DA CIDADE. EXPTE. PLENO 3527/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de setembro de 2022, número 3527/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“No pleno extraordinario do mes de setembro de 2021 este grupo municipal presentaba unha moción instando á Xunta de Galicia a manter no curso 2021-2022 a todos os profesores e profesoras contratados no curso 2020-2021. Denunciabamos os recortes que se estaban a producir e as dificultades que se atopaban moitos centros educativos da nosa cidade para poder garantir unha educación pública de calidade.

A Xunta de Galicia, unha vez mais, non atendeu as nosas demandas e para este



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 11 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

curso 2022-2023 xa ten previsto continuar con esa política de recortes que ven practicando nos últimos anos.

Nos últimos meses diferentes colectivos e membros da comunidade educativa da nosa cidade e de numerosos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia veñen denunciando os recortes educativos da Xunta de Galicia, recortes que se están a producir na contratación de profesorado en numerosos centros de educación primaria e institutos de educación secundaria. Trátase dunha medida que afectará de forma negativa á calidade do ensino e á atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Resulta fundamental que os nenos e nenas da nosa cidade teñan garantida unha ensinanza de calidade, facendo especial fincapé nos alumnos e alumnas con necesidades especiais. Todos estes recortes que se están a producir nos últimos anos están a afectar negativamente ao desenvolvemento normal das clases e mingando a calidade educativa.

Dende o grupo municipal socialista insistimos, unha vez mais, na necesidade de optar por unha redución do número de alumnos por aula que permita unha mellora da calidade educativa, unha atención individualizada, unha mellora do rendemento escolar e o mantemento dos postos de traballo.

A política de recortes da Xunta de Galicia é xeneralizada e inxustificada e leva anos mingando a calidade da educación pública da nosa cidade.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a redución do número de alumnos por aula, mellorando a calidade educativa, e a garantir os postos de traballo de todos os profesores e profesoras nos centros educativos da cidade de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Atópase ausente no momento da votación a concelleira Sra. Rodríguez Calviño.*

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 12 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Aprobar a Moción presentada, en data 2.09.2022 (Rex. Nº 3527/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **5.(157) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A POÑER EN MARCHA UN PLAN DE CHOQUE PARA REDUCIR AS LISTAS DE AGARDA DE VALORACIÓN DE PERSOAS DEPENDENTES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3529/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de setembro de 2022, número 3529/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“As persoas dependentes en Galicia esperan máis de 400 días en ser atendidas. Case 1.500 cidadáns galegos e galegas están en lista de agarda para lograr unha praza nunha residencia pública e outros 7.000 maiores galegos agardan polo servizo de axuda no fogar, e 1.500 pola teleasistencia autonómica.

A Lei de Dependencia, aprobada en 2006 polo Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, establece un máximo de 6 meses para a resolución de grao e do Programa Individual de Atención, que Galicia incumpre con creces, xa que se sitúa en bastante máis do dobre deste prazo, case en 400 días. Máis de 8.800 persoas atópanse en Galicia pendentas de valoración para poder acceder a este catálogo de servizos que é un dereito.

Galicia está á cola de España na porcentaxe de persoas atendidas sobre as potencialmente dependentes; só por detrás de Canarias. O goberno galego do Partido Popular só atende ao 13,41% das persoas dependentes. Ademais, máis dun 10% están no denominado “limbo da dependencia”, é dicir, co dereito recoñecido, pero sen prestación efectiva.

O Goberno do Partido Popular de Galicia tamén está á cola en gasto público en dependencia por poboación dependente en 2021

Unha das comunidades autónomas que ten maior número de dependentes á espera de resolución ou, directamente, sen gravar no sistema para que non consten como pendentas de resolución, concretamente, 9.298 solicitudes sen introducir no sistema, segundo o Ditame do Observatorio Estatal da Dependencia de 2022

Só o ano pasado, máis de 700 dependentes morreron no labirinto da burocracia da dependencia da Xunta de Galicia, esperando por unha prestación. Hai xa moito tempo que a Xunta de Galicia leva anunciando plans e medidas para paliar esta dramática situación, recoñecida polo propio goberno galego.

O propio presidente saínte da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, anunciaba antes de marchar de Galicia deixando este panorama atrás, “un plan de choque”, no que comprometía a redución do papeleo, a unificación de trámites, a creación de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 13 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

equipos itinerantes, o incremento de persoal e dos equipos de valoración, a creación de vías preferentes para os casos máis graves, etc.

O propio Feijóo recoñecía a situación de extrema gravidade e o colapso do sistema que está regulado en Galicia por once ordes distintas e oito decretos diferentes, cun formulario para solicitar a prestación por parte das familias de máis de 26 páxinas.

Ademais, Feijóo, comprometeu, despois de 13 anos de goberno e de levar a Dependencia en Galicia ao caos, a creación de novos centros de valoración, con máis equipos de valoración, así como valoracións a domicilio.

A realidade é que en Vigo, a día de Instar Xunta de Galicia a poñer en marcha de forma urxente un Plan de Choque para reducir as listas de agarda de valoración de persoas dependentes, co incremento dos equipos de valoración e a redución e simplificación normativa da tramitación administrativa do procedemento.

Instar Xunta de Galicia a crear novos centros de valoración e equipos itinerantes na cidade de Vigo, para paliar as enormes listas de agarda que sofren os dependentes, na que a espera supera os 400 días. hoxe, unha persoa dependente tarda máis de 400 días en acceder ao catálogo de prestacións que lle garante a normativa estatal, sen que o goberno da Xunta do Partido Popular teña feito absolutamente nada. E cando, por fin, un vigués ou unha viguesa, accede á prestación atópase coa realidade de que as listas de agarda en residencias para maiores, en centros de día, ou en teleasistencia, son interminables.

Estase desviando aos nosos maiores a residencias a máis de 400 km de Vigo, porque Feijóo en 13 anos de goberno non construíu nin unha soa praza residencial pública para maiores na cidade de Vigo, nin unha soa praza pública en centros de día, nin unha soa praza pública para persoas con discapacidade.

Todo isto, despois de que o goberno de Pedro Sánchez, inxectara a Galicia inxentes cantidades de fondos estatais no denominado Plan de Choque á Dependencia, precisamente, para revertir os dramáticos recortes que o Goberno de Mariano Rajoy realizou no Sistema Estatal de Dependencia no ano 2012

Máis dun ano teñen que agardar os vigueses e viguesas para acceder ao catálogo de servizos da dependencia, o dobre do que marca a Lei. Máis de 400 días de espera para poder acceder á prestación.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excma. Corporación municipal que adopte o seguinte:

#### ACORDO

- Instar Xunta de Galicia a poñer en marcha de forma urxente un Plan de Choque para reducir as listas de agarda de valoración de persoas dependentes, co incremento dos equipos de valoración e a redución e simplificación normativa da tramitación administrativa do procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 14 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Instar Xunta de Galicia a crear novos centros de valoración e equipos itinerantes na cidade de Vigo, para paliar as enormes listas de agarda que sofren os dependentes, na que a espera supera os 400 días.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Atópase ausente no momento da votación a concelleira Sra. Rodríguez Calviño.*

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 2.09.2022 (Rex. Nº 3529/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**6.(158) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ASUMIR AS SÚAS COMPETENCIAS PARA GARANTIR OS RECURSOS HÍDRICOS NECESARIOS PARA ASEGURAR O ABASTECIMENTO DA POBOACIÓN E A ACTIVIDADE ECONÓMICA DE VIGO. EXPTE. PLENO 3530/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de setembro de 2022, número 3530/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O problema da garantía do abastecemento de auga á cidade de Vigo e a súa área vén arrastrándose desde hai anos sen que a Xunta adoptase ningunha medida.

A Lei 9/2010 de Augas de Galicia establece que a competencia da ordenación dos abastecementos e saneamentos en alta é da Xunta de Galicia (artigo 11.5)

En outubro de 2002, en setembro de 2006, no verán de 2011, no outono de 2017 sufrimos episodios de seca. Este ano estamos a sufrir un novo episodio de seca persistente, que xa se está a notar en todo país, e na nosa contorna con especial relevancia nos encoros de Zamáns e Baíña, afectando aos concellos de Nigrán, Baiona, e en maior ou menor medida ao resto do concellos da área de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 15 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Ante esta situación, a Xunta incumpre reiteradamente as súas obrigas, e unicamente adopta un papel de fiscal, apresurándose a reclamar dos concellos a adopción de medidas ante a situación de seca, e esquecendo que o problema non se soluciona cando baixan os niveis dos embalses, senón anticipándose e ordenando a xestión dos recursos; é dicir, exercendo as competencias autonómicas exclusivas fixadas no Estatuto.

O Concello de Vigo leva quince anos de intensa política de renovación de redes, mellora da xestión do abastecemento, e dando voz á demanda de todo o sur da provincia para que se tomen medidas para garantir os recursos a futuro (e grazas a ese compromiso o Concello de Vigo sentou na mesma mesa á Xunta de Galicia, a Confederación Hidrográfica Miño Sil e ao Concello para estudar as posibles alternativas a este problema). E os pasados días sentou a tódolos alcaldes da área para poñer en común as consecuencias desta falta de política de ordenación dos recursos.

Ante este compromiso municipal, a Xunta de Galicia non ten feito nada, ten negado todo apoio financeiro, a agora négase a asumir as solucións propostas polos técnicos independentes que redactaron o estudo de alternativas acordado no Convenio Xunta-Confederación-Concello.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a asumir as súas competencias para garantir a captación dos recursos hídricos necesarios para asegurar o abastecemento da poboación e a actividade económica de Vigo e o sur da provincia de Pontevedra.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Atópanse ausentes no momento da votación as concelleiras Sras. Rodríguez Calviño e Caride Estevez.*

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 16 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Aprobar a Moción presentada, en data 2.09.2022 (Rex. Nº 3530/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **7.(159) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A IMPLEMENTAR UNHA LIÑA DE SUBVENCIÓNS AO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO DE VIGO QUE POSIBILITE MINORAR O CUSTO DO BILLETE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3531/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de setembro de 2022, número 3531/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“O actual escenario económico está provocando grandes alteracións na vida cotiá de toda a cidadanía. O incremento abrupto dos elementos básicos de consumo inciden de forma directa na economía doméstica e demandan a adopción de medidas extraordinarias para apoiar aos sectores máis afectados.

A día de hoxe o Goberno de España vén implementando unha serie de medidas de gran importancia para moitos dos sectores económicos afectados, co obxectivo de equilibrar os custos que se derivan para a vida diaria da cidadanía. De forma específica debemos destacar as medidas levadas a cabo en relación a un sector tan afectado como é o do “transporte colectivo” en todos os seus ámbitos. Este sector viviu desde o inicio da Pandemia de COVI-19 unha crise económica moi importante, derivada inicialmente das medidas extraordinarias tomadas para facer fronte á crise sanitaria do COVID 19, e a día de hoxe incrementada entre outros factores polo crecemento dos custos dos carburantes.

En relación a esta situación debemos destacar o papel fundamental que ten o transporte urbano colectivo no desenvolvemento da actividade social, laboral, e económica, ademais da necesidade real de potenciar a este sector para recuperar os datos de uso pre-pandemia como unha das actuacións para mellorar a calidade ambiental dos ámbitos urbanos en relación a dar continuidade a todas as orientacións europeas para un desenvolvemento urbano sostible.

En base á demanda de potenciar e consolidar os servizos de transporte urbano colectivo, o Concello de Vigo vén desenvolvendo unha política de fomento do uso deste modo de transporte, ademais das adaptacións dos servizos á demanda, adoptando a medida de manter o prezo do billete sen ningún incremento (o importe do billete para o usuario habitual mantense sen ningún incremento dende o ano 2018). A día de hoxe o Concello de Vigo destina no seu orzamento un total de 12.800.000 € para subvencionar directamente ao usuario.

Esta medida viuse reforzada pola aposta do Goberno de España a través do Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana, aprobando axudas directas ao transporte urbano para responder as consecuencias económicas e sociais derivadas da guerra de Ucraína, así como para facer fronte ás situacións de vulnerabilidade social e económica, e que de forma concreta busca incentivar o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 17 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

papel do transporte público colectivo para afrontar o escenario actual de altos prezos da enerxía e dos combustibles, e que afecta moi especialmente á mobilidade cotiá dos cidadáns, fomentando o cambio a un medio de transporte máis seguro, fiable, cómodo, económico e sostible que o vehículo particular.

Esta medida xa en marcha dende o 1 de setembro posibilita un incremento na minoración do prezo directo nunha porcentaxe do 30%.

Importe do billete: 1,40 €

Importe coa bonificación do Concello de Vigo: 0,89 € (-36/43%)

Importe coa bonificación do Estado: 0.62 € (-55.50%)

Á vista da situación actual do transporte Público, o goberno municipal de Vigo, considera fundamental atopar un apoio unánime de todas as administracións para conseguir a recuperación definitiva que necesita o sector do transporte público, e de forma especial no ámbito urbano das grandes cidades na cal a incidencia na cidadanía é mais importante.

Neste sentido non se entende o posicionamento do Goberno Galego, que unicamente regulou a minoración adicional e temporal na tarifas do transporte público interurbano sen contemplar ningunha achega para os transportes urbanos que prestan os seus servizos, nas distintas cidades da Comunidade Autónoma Galega

Á vista destes antecedentes e tendo en conta a importancia que ten a consolidación do transporte público no desenvolvemento social e económico da cidade de Vigo, solicítase ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a implementar unha liña de subvencións ao transporte público urbano de Vigo que posibilite minorar o custo do billete nunha cantidade complementaria ás establecidas polo Concello de Vigo e o Goberno de España, como mínimo 0,27€ sobre o actual prezo de aplicación coas xa reducións aplicadas, co obxectivo de conseguir a recuperación definitiva que necesita o sector do transporte público e minorar a carga económica que supón á cidadanía o uso deste medio de transporte."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Atópase ausente no momento da votación a concelleira Sra. Rodríguez Calviño.*

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estevez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 18 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 2.09.2022 (Rex. Nº 3531/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **8.(160) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO 19.07 AO 26.08.22. EXPTE. 1277/1102 (EXPTE. PLENO 3518/1101)**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 19.07.22 ao 26.08.22) incluídas no expediente 1277/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

#### **9.(161) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DO 19.07 AO 26.08.22. EXPTE. 1278/1102 (EXPTE. PLENO 3519/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 19.07.22 ao 26.08.22) incluídas no expediente 1278/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

#### **10.(162) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 6.08.22, REFERENTE Á ESTRUCTURA DA CORPORACIÓN E DELEGACIÓN 2019-2023. EXPTE. 598/1102. (EXPTE. PLENO 3520/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 6.08.22, transcrita a continuación,

“MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELEIROS E CONCELEIRAS DE ÁREA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 19 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable modificar as delegacións de competencias nos órganos de xestión unipersoal -os/as concelleiros/as delegados e delegadas-, en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Modificar a Resolución da delegación de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área de data 26.06.2019 modificada posteriormente por Resolucións de data 13.08.2019 e do 17.08.2020, 16.04.2021 respecto do punto segundo da parte resolutiva , apartados 3 e 10, nos seguintes termos:

Segundo.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas, sen prexuízo dos termos que se establezan nas disposicións de delegación ou desconcentración de competencias, polos/as membros da Xunta de Goberno Local e demais Concelleiros e Concelleiras que se indican:

(...)

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Economía, Fondos Europeos, así como as competencias municipais en materia de Patrimonio, Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo e as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; deseño e dirección das políticas activas de emprego; industria e voluntariado e, en particular

- a) En materia de economía .
  1. Fomento da competitividade empresarial, desenvolvemento económico e da innovación.
  2. Fomento de actuacións tendentes á terciarización da nosa economía.
  3. Promoción das feiras sectoriais de Vigo, nomeadamente Conxemar.
  4. Plans promocionais de Vigo en colaboración coas empresas locais.
  5. Seguimento da Autoestrada do Mar.
  6. Seguimento dos enlaces e tráfico ferroviarios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 20 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

7. Seguimento dos enlaces por estrada e autoestrada.
  8. Seguimento das actividades portuarias.
  9. Seguimento de actividades do sector pesqueiro e mariñeiro tradicional.
- b) En materia de Fondos Europeos.
1. Impulsar a captación para o Concello de Vigo de fondos europeos.
  2. Fomentar a participación do Concello de Vigo en todos aqueles proxectos e programas europeos con incidencia no desenvolvemento da cidade.
  3. Coordinar as distintas concellerías delegadas identificar sinerxias no desenvolvemento dos programas con financiación procedente da Unión Europea.
- c) En materia de Patrimonio.
1. A asistencia a Comisións, reunións e demais actos que requiran a comparecencia dun representante municipal en materia da súa competencia, en especial as comisións de seguimento, informativas e reunións de Comunidades de Propietarios nas que o Concello sexa propietario.
  2. Dirixir e xestionar o réxime, tráfico xurídico e defensa dos bens patrimoniais e demaniais tramitando calquera operación de alta, baixa ou rectificación no Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD) dos bens integrantes do mesmo, tendo a facultade para recabar de calquera servizo municipal os datos necesarios para elo.
  3. Tramitar os expedientes relativos á adquisición e alleamento do Patrimonio Municipal promovidos pola súa Area.
  4. A xestión dos locais e demais inmobles municipais, sexan de natureza demanial ou patrimonial, xestión dos locais municipais de natureza demanial, cedidos en réxime arrendatario ou en concesión de dominio, excepción dos xestionados por outras áreas no exercicio das súas atribucións.
  5. Nomear e mesmo presidir, as comisións municipais para a recepción dos locais, obras ou instalacións municipais que revertan ao patrimonio municipal ao remate das autorizacións e concesións demaniais ou por calquera outro título dependentes da súa Area.
  6. Tramitar e xestionar as pólizas de seguros tendentes a cubrir a responsabilidade patrimonial municipal derivada do funcionamento dos servizos.
  7. Tramitar a ITE dos inmobles municipais, agás aqueles adscritos a outras áreas que dispoñan de técnico municipal competente para a súa realización.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 21 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

8. Tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial con motivo dos danos e perdas causados polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
  9. Impulsar a confección e actualización permanente do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD), recabando os datos e información necesaria e ditando as ordes e instrucións que estime conveniente para os efectos ás demais áreas e servizos municipais.
  10. En xeral, o control da administración, conservación e xestión do patrimonio municipal, a investigación de cantos bens e dereitos se presuma que forman parte del, o seu deslinde, o seu amolloamento, a súa protección e reivindicación, así como a esixencia de responsabilidades cando proceda.
  11. O inicio e a resolución dos expedientes de investigación de oficio deslinde administrativo, ou recuperación posesoria, ao abeiro do disposto na normativa de aplicación.
  12. A formalización e sinatura de toda clase de documentos públicos ou privados que requira a execución e cumprimento dos acordos e resolucións adoptadas no ámbito das competencias atribuídas a Área de Patrimonio, agás os que teñan por obxecto contratos ou negocios xurídicos sometidos a normativa en materia de contratos do Sector Publico.
  13. A aprobación e/ou proposta dos expedientes relacionados coa xestión patrimonial do Auditorio Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, dos diferentes espazos do inmovible.
- d) En materia de Emprego e Economía.
1. O deseño e dirección das políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego, tal e como:
    - a) Apoio ao emprendemento mediante as convocatorias e axudas e subvencións á creación de empresas.
    - b) Fomento dos Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM).
  2. O deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras.
  3. Deseño, dirección e coordinación de proxectos financiados pola Unión Europea, relacionados coa formación, o emprego e o desenvolvemento local.
  4. Impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego.
  5. Impulsar, coordinar e supervisar os proxectos construtivos e obras en locais e terreos municipais, executados polo persoal dos programas de inserción laboral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 22 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

e) En materia de relación cos sindicatos.

1. Actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais da cidade, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade.
2. Planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

f) En materia de Voluntariado.

1. Dirixir e xestionar a Oficina Municipal de Voluntariado (OMD).
2. Xestionar a páxina web da oficina.
3. Xestionar as bases de datos de persoas voluntarias e participantes no programa de "Traballos en Beneficio da Comunidade (TBC)".
4. O deseño e desenvolvemento de actividades formativas dirixidas ás persoas voluntarias e ás entidades de voluntariado.
5. A dirección e coordinación do voluntariado da cidade.
6. O deseño e coordinación de campañas de sensibilización e fomento do voluntariado.
7. Coordinar e xestionar cos servizos municipais participantes o convenio de colaboración co Ministerio de Interior, do programa de "Traballo en Beneficio da Comunidade".

(...)

5.- ABEL LOSADA ÁLVAREZ. Área de Cultura

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de cultura, equipamentos culturais do Concello (bibliotecas), Auditorio municipal, Rede de Museos Municipais e colaboración Fundación MARCO, así como a xestión da programación cultural do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo e en particular :

a) En materia de Cultura.

1. Establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución das políticas públicas municipais en materia de Cultura e Bibliotecas Conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.
2. Exercer as competencias municipais en relación coa dirección, de acordo coas normas específicas que regulan cada un dos equipamentos culturais do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 23 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Concello, como a Biblioteca Pública “Juan Compañel” en coxestión coa Xunta de Galicia, a Biblioteca Municipal “Neira Vilas” e a Casa Galega da Cultura, agás as competencias que as normas específicas de cada equipamento atribúa á Alcaldía-Presidencia ou a outro órgano municipal.

3. Centralizar o rexistro de peticións de ISBN que realicen as unidades do Concello para a súa publicación, así como conservar un exemplar de cada unha das obras publicadas nas bibliotecas municipais.
  4. Planificar, dirixir, e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións das dependencias adscritas.
  5. O fomento da creación literaria e a promoción do libro e da lectura, así como o fomento e xestión dos servizos bibliotecarios municipais.
  6. O fomento, a promoción e axuda de entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais.
  7. Elevar ao Pleno do Concello, en colaboración cos servizos de Cartografía, Estatística e de Normalización Lingüística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais, instruíndo, para estes efectos, os expedientes que correspondan.
  8. Provisión e fomento de servizos bibliotecarios que posibiliten o acceso á información, apoio á formación, promoción lectora e desenvolvemento persoal e cultural. Impulso dos instrumentos de planificación, programas funcionais e plans anuais de acción do servizo bibliotecario. Resolución dos expedientes de doazón gratuíta de fondos.
  9. Elevar ao Pleno do Concello, previos os trámites regulamentarios correspondentes, a concesión de medallas, honores e distincións.
  10. Canalizar a difusión cultural do Concello centralizando a información dispoñible sobre programas, servizos, equipamentos, etc., mesmo en fase de proxecto ou preparación, coordinando as diversas unidades administrativas que aborden a oferta cultural.
  11. A xestión do Auditorio Municipal en relación á programación municipal que nel se desenvolva, e/ou as xestións e autorizacións de solicitudes de utilización por parte de entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas e, así mesmo, planificar e xestionar as accións precisas para garantir a súa conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control.
  12. O seguimento da xestión cultural e da programación do Auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo”.
- b) En materia de museos.
1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais, conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.
  2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión e coordinación, agás as competencias que as normas específicas de cada equipamento atribúa á Alcaldía-Presidencia ou a outro órgano municipal, en particular:

a) Museo Municipal “Quiñones de León”-Pazo de Castrelos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 24 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- b) Verbum-Casa das Palabras.
  - c) Casa das Artes.
  - d) Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego”
  - e) Centro de Arte Fotográfica de Vigo-CAFVI.
  - f) Centro de Artesanía Tradicional-CAT.
3. Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións das dependencias anteriormente descritas.
  4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.
  5. O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas nos equipamentos que forman parte da Rede de Museos Municipais.
  6. Xestionar a conservación, investigación e divulgación das coleccións e bens artísticos adscritos á Rede de Museos Municipais, en especial as do Museo Municipal “Quiñones de León” (incluíndo a de arqueoloxía), a do Arquivo Fotográfico Pacheco, colección fotográfica municipal, colección Luís Torras, colección de arte galega da Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego e colección de artesanía do CAT.
  7. Xestionar programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos...), como ao préstamo temporal de elementos das mesmas; en ambos casos, establecendo as condicións e requisitos correspondentes.
  8. Promover estudos de públicos obxecto das actividades e programas da Rede de Museos Municipais.

(...)

10.-PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas os Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ao mesmo, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público. Así mesmo corresponderalle competencias en materia de contratación e xestión municipal a cal abrangue competencias en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación, así como a relación cos órganos directivos municipais, Administración Electrónica, obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS) Protección de Datos, rexistros, información e arquivos. En particular lle corresponde



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 25 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- a) En materia de Seguridade.
1. Dirixir, organizar e coordinar coas respectivas Xefaturas os servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito aos mesmos.
  2. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía pola normativa reguladora en materia de protección da seguridade cidadá, de Forzas e Corpos de Seguridade, de coordinación de policía locais de Galicia, utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos e, en xeral, as competencias que lle atribúan á Alcaldía pola normativa regulamentaria de desenvolvemento daquela lexislación, excluídas aquelas outras competencias que, tendo orixe noutros réximes legais sectoriais, regulen ámbitos concretos da seguridade pública, entre outros, en materia de urbanismo, medio ambiente, sanidade, consumo, transportes, ... etc.
  3. Exercer, en materia de Protección Civil e Emerxencias, as funcións que legalmente lle resulten atribuídas á Alcaldía Presidencia de conformidade co disposto na normativa reguladora de réxime local, de Protección Civil e o seu desenvolvemento regulamentario; nas leis autonómicas de Emerxencias e de Acción Voluntaria e o seu desenvolvemento regulamentario; así como a normativa municipal de aplicación.
  4. Incoar, tramitar e resolver os procedementos sancionadores, e ditar requirimentos ou ordes de execución, susceptibles de ser instruídos en aplicación da normativa anterior, excluídos todos aqueles que, en cumprimento de calquera outra lexislación sectorial de concorrente aplicación ao ilícito cometido, resultasen competencia delegada doutras áreas, entre outros, en materia de disciplina urbanística e outras formas de intervención administrativa relacionadas coa ordenación dos usos do solo, medio ambiente, consumo, sanidade, comercio, transportes, ... etc.
- b) En materia de Tráfico e estacionamento de vehículos.
1. Planificar, dirixir e executar a través da Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, en particular:
    - a) A elaboración, proposta e seguimento das políticas viarias dirixidas a unha mobilidade segura e sostible, a través da elaboración de plans e programas de seguridade viaria, en coordinación no seu caso coa Dirección Xeral de Tráfico.
    - b) O impulso da investigación en materia de seguridade viaria, factores influentes e impacto de medidas específicas, incluíndo a coordinación con institucións de carácter científico e técnico, e en particular coa Dirección Xeral de Tráfico.
  - c) O fomento da educación viaria.
  - d) A comunicación e divulgación relacionada co tráfico e a seguridade na circulación viaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 26 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- e) A regulación, xestión e control do tráfico en vías urbanas e travesías, así como a planificación, dirección e coordinación das instalacións e tecnoloxías para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico e mellora da seguridade viaria naquelas.
- f) O establecemento das directrices para a formación e actuación dos axentes da autoridade en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor, sen prexuízo da competencia autonómica en materia de coordinación das policía locais.
- g) A tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, a tramitación e formulación de declaracións de nulidade e a resolución de reclamacións previas á vía xudicial.
2. Realizar as declaracións de abandono de vehículos, para os efectos do previsto na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria; sen prexuízo das competencias delegadas que se lle encomendan á Concellería de Medio Ambiente para sancionar o abandono do vehículo.
  3. A supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da Área (XER, retirada de vehículos, sinalización horizontal e vertical, servizo de instalacións e regulación, control e información do tráfico), segundo a lexislación xeral e ós pregos das súas respectivas concesións.
- c) En materia de utilización/ocupación do dominio público e de espectáculos públicos.
1. Emitir informe con motivo da ocupación do sistema viario público que resulten necesarias en aplicación do previsto na normativa reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública, así como calquera outra ocupación do sistema viario derivada da execución de obras públicas promovidas por outros departamentos municipais ou por outras administracións, así como as ocupacións dos espazos viarios que resulten necesarias en execución dos procesos de transformación urbanística ou territorial do solo.
  2. Emitir informe con motivo das ocupacións do sistema viario que resulten necesarias para a implantación de mercados tradicionais ou populares promovidos por outros departamentos municipais e nas solicitudes de licenza de venda ambulante.
  3. Emitir informe con motivo da realización dos eventos deportivos obxecto de regulación no Anexo II do Regulamento Xeral de Circulación aprobado polo RD 1428/2003.
  4. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas pola normativa en materia de seguridade cidadá e o seu desenvolvemento regulamentario, estatal ou autonómico; así



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 27 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

como pola normativa sectorial de aplicación.

5. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen a preceptiva autorización por particulares, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.
- d) En materia de Contratación.
1. Impulsar a tramitación dos procedementos de contratación.
  2. Formalización e sinatura dos contratos maiores, e cantos documentos se deriven da execución dos contratos municipais no seu ámbito material de competencia.
  3. Impulsar a tramitación dos expedientes relativos á modificación, resolución e liquidación dos contratos e a tramitación dos recursos especiais en materia de contratación.
  4. A Xestión integral das marcas e demais dereitos de propiedade industrial do Concello de Vigo.
  5. Coordinar e dirixir a actividade de apoio á Mesa de Contratación do Concello de Vigo.
  6. Velar polo mantemento e actualización constante da información relativa á actividade contractual deste Concello no perfil de contratante.
- d) En materia de Xestión Municipal.
1. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa, xestión económico-financeira e demais competencias delegables en relación coa área administrativa de Alcaldía e o seu persoal.
  2. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, así, como de existir, en relación cos postos de colaboración aos mesmos, nos termos derivados da normativa aplicable (entre outros, provisión depostos, encomendas, peticións de informe, etc).
- e) En materia de Goberno Aberto e Transparencia.
1. Implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas de Goberno Aberto, promovendo a súa transversalidade no conxunto da organización municipal.
  2. Impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública, mediante a publicidade activa no Portal de Transparencia e a publicidade pasiva, integrando os procedementos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 28 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

administrativos correspondentes.

3. Planificar, deseñar e executar a estratexia municipal para garantir a implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas e obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno, implicando e coordinando a totalidade da organización municipal no marco das súas áreas funcionais.
  4. Promover e coordinar as accións municipais para o cumprimento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible dentro da Axenda 2030, así como os procesos de identificación, implementación e monitoreo.
- f) En materia de Administración Electrónica.
1. Asumir as competencias relacionadas coas tecnoloxías da información e o desenvolvemento da Sociedade da Información e, en particular, en relación cos proxectos de Cidade Intelixente.
  2. Impulsar a apertura e a reutilización de datos como un medio de xerar valor público e transferir coñecemento á cidadanía.
  3. Garantir o cumprimento e desenvolvemento das normativa aplicable en materia de administración electrónica, en particular, a relativa ao Esquema nacional de seguridade (ENS) no ámbito da Administración Electrónica e ao Esquema nacional de interoperabilidade (ENI) no ámbito da Administración Electrónica.
  4. Propor e coordinar a política municipal TIC dunha forma transversal integrando os intereses das distintas areas e servizos.
  5. Planificar, coordinar e supervisar as actuacións en materias referentes ao uso de ferramentas tecnolóxicas, hardware e software de xeito que se impulse un uso eficiente e eficaz das mesmas.
  6. Xestión, administración e mantemento das comunicacións de datos na totalidade das sedes municipais.
  7. Xestión administración e mantemento do equipamento tecnolóxico existente nas distintas sedes municipais.
  8. Xestión e administración das distintas aplicacións de xestión municipal.
  9. Aprobación de formularios, modelos e impresos municipais a proposta das diferentes Concellerías Delegadas.
- g) En materia de rexistros, información e arquivos.
1. Xestionar a Oficina de asistencia en materia de rexistro e o seu funcionamento conforme ao marco normativo vixente en cada momento e coordinar, no seu caso, as distintas oficinas municipais de asistencia en materia de rexistros



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 29 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2. Xestionar as relacións interadministrativas en termos de interoperabilidade e interconexión do Rexistro Electrónico municipal
  3. Xestión do Arquivo municipal e adopción das medidas precisas para garantir a conservación dos fondos documentais conforme co establecido no marco normativo de aplicación.
  4. Coordinar, aplicar, supervisar e xestionar a política de xestión documental cara ao Arquivo Electrónico único.
  5. Dirixir, organizar e coordinar a rede de atención á cidadanía mediante o servizo de atención telefónica que se canaliza a través do 010 e servizo telemático a través do portal web institucional, canais de atención en redes sociais, aplicacións móbiles.
  6. Propor medidas e accións para incrementar o acceso e utilización da información e mellorar a atención á cidadanía respecto dos servizos que presta e, en xeral, sobre a cidade de Vigo en todos aqueles temas de interese para a cidadanía
- h) En materia de recursos humanos e persoal.
1. A planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas establecidas polo Goberno Municipal en materia de planificación e xestión de recursos humanos, xunto co establecemento dos criterios e directrices básicas de articulación das mesmas, abarcando a proposta aos órganos municipais competentes de medidas de racionalización de cadros de persoal e contención do gasto público en materia de persoal, así como todas aquelas relativas á xestión dos recursos humanos; medidas de fomento da mobilidade interdepartamental tendentes á optimización dos efectivos municipais e propostas á Xunta de Goberno Local de adecuacións retributivas ou reconfiguración de postos de traballo, incluíndo igualmente a determinación das condicións de traballo en interlocución cos órganos de representación sindical dos empregados/as públicos municipais.
  2. Desenvolver a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, entendendo por tal o exercicio das potestades derivadas da inmediata dirección do persoal municipal e a totalidade das decisións que impliquen xefatura non atribuídas expresamente a outros órganos, incluíndo a do corpo de Policía Municipal e a do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.
  3. Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal relativo á estrutura e organización interna do Concello, concretada na determinación dos niveis esenciais de organización municipal e, entre eles, as grandes áreas do goberno, así como ao órgano competente o organigrama municipal contendo a estrutura das Áreas e Servizos no marco da organización municipal.
  4. Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Plans de Formación do persoal municipal elaborados pola Área de Recursos Humanos e Formación, presidindo a Comisión Paritaria de Formación, coordinando coas Concellerías-Delegadas de Área e demais delegados a formación e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 30 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

capacitación do persoal municipal.

5. En materia de prevención de riscos laborais, vixiar e controlar as condicións de seguridade e hixiene no traballo, presidindo o Comité de Seguridade e Saúde Laboral e designando aos seus membros; e velando polo cumprimento da normativa vixente na materia, ostentando igualmente a competencia en nome do Concello nas relacións coa Inspección de Traballo e coa Autoridade Laboral.
  6. Realizar as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais, desenvolvendo a política municipal nesta materia e ostentando a Presidencia da Mesa Xeral de Negociación, como parte lexitimada ao efecto.
  7. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo relacionados co persoal municipal, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos.
  8. Participar como un dos representantes da Corporación na Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador das Condicións de Traballo.
  9. Ditar as instrucións precisas para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais en coordinación coa Concellería-delegada da Área de Orzamentos e Facenda, asinando o proxecto que pola Unidade de Planificación e Organización se elabore.
  10. Convocar a Mesa Xeral de Negociación e para a realización das sesións dos grupos de traballo que se constituísen no Concello de Vigo.
  11. Ostentar a representación legal do Concello de Vigo nos procedementos que se sigan perante a Inspección de Traballo, Autoridade Laboral e outras administracións públicas en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais.
  12. A representación legal do Concello na sinatura dos contratos laborais, así como os actos derivados dos mesmos, a dita delegación incluírá a non superación do período de proba e a sinatura de actos de trámite y resolución das incidencias producidas no marco das ditas relacións contractuais.
  13. O impulso, en colaboración coa Concellería-Delegada en materia de Igualdade, das actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de Igualdade no Concello de Vigo.
  14. A competencia para a designación de funcionario/a público autorizado/a para a comparecencia perante a Inspección de Traballo, Seguridade Social e Autoridade Laboral.
- i) En materia de Réxime Interior.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 31 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Dirixir e xestionar as dependencias de Estatística, ademais da Unidade de Conserxería e Notificación e o Almacén municipal, conforme cos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente.

En relación co Servizo de Estatística:

1. Dirixir a xestión do Padrón Municipal de Habitantes efectuando a través dos medios informáticos axeitados as actuacións e operacións necesarias para a súa actualización e revisión, comunicando e coordinando as mesmas cos rexistros dos padróns fiscais.
2. Manter cos órganos e organismos da Administración do Estado, especialmente co Instituto Nacional de Estatística, Rexistro Civil e Oficina do Censo Electoral o intercambio de información e coordinación precisa.
3. Acordar a baixa das inscricións duplicadas ou inscricións indebidas no Padrón Municipal de Habitantes.
4. Declarar de oficio a inscrición padronal da veciñanza incurso nos supostos legais que corresponda.
5. Acordar a baixa por caducidade das subscricións padronales dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos, nos termos establecidos en cada momento pola normativa, e instrucións de aplicación.
6. Expedir as certificacións de empadramento e dos resúmenes numéricos do padrón.
7. Dirixir a xestión do rúeiro municipal mantendo actualizada a nomenclatura e rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, dando parte aos Rexistros da Propiedade e coordinando coa Xerencia Municipal de Urbanismo a elaboración da cartografía axeitada (Guías urbanas).
8. Emitir os informes do número de policía das rúas para engadir aos expedientes de solicitude de licenza de obras, segundo acordo da Xerencia Municipal de Urbanismo.
9. Ordenar a revisión anual da relación de entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal.
10. Proporcionar ao Servizo de Estatística as axudas materiais e persoais que sexan necesarias nos distintos procesos e convocatorias electorais.

(...)

Segundo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 32 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todo/as os Concelleiros e Concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía de data 6.08.22.

## MOCIÓNS.

**11.(163) MOCIÓN DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO ESPAÑOL PARA COOPERAR E ADOPTAR TODAS AS MEDIDAS NECESARIAS PARA FREAR O AUMENTO DOS PREZOS DA VIVENDA, TANTO EN RÉXIME DE COMPRA-VENDA COMO DE ALUGUEIRO FACILITANDO O ACCESO SOCIAL Á VIVENDA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 3532/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 6 de setembro de 2022, número 3532/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, formula a seguinte,

### MOCIÓN

*“MEDIDAS PARA FACILITAR O ACCESO SOCIAL Á VIVENDA NA CIDADE DE VIGO*

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da vivenda na nosa cidade é dunha especial gravidade constituíndo o acceso a este ben esencial un dos maiores problemas sociais de Vigo. A nosa cidade ten os alugueiros máis caros de toda Galiza que se incrementaron nos últimos 5 anos nun 40%, segundo datos do propio sector inmobiliario, facendo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 33 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

que unha microvivenda de apenas 28 metros cadrados poida situarse en prezos equivalentes á metade do salario mínimo e elevando no último lustro nun 53,77% os rendementos económicos do arrendo de vivendas. O prezo da vivenda en venda aumentou tamén un 7,3% no último ano en Vigo, cando o incremento medio do Estado situouse nun 2,3%. E, arestora, hai xa máis oferta de pisos turísticos que vivenda dispoñíbel para alugueiro residencial.

Esta situación, agravada pola crise social empurrada pola inflación disparada, así como pola continuada perda de poder adquisitivo dos salarios e o crecente nivel de empobrecemento, tradúcese na imposibilidade material dun cada vez maior número de persoas e familias para poder residir na nosa cidade.

Ao continuado incremento dos alugueiros, que xa sitúan o seu prezo medio na nosa cidade por encima dos 700 euros, vén de engadirse tamén o aumento dos xuros hipotecarios e o endurecemento das condicións para o acceso ao crédito.

A escasa oferta de vivenda dispoñíbel para alugueiro, poucas máis de 600 nunha cidade que conta con 18.500 inmóbeis baleiros, está a provocar tamén un endurecemento das condicións de acceso ás mesmas, con esixencias económicas e de garantías cada vez maiores e dificultan inda máis o acceso das familias e persoas de menores ingresos.

Diante deste grave problema social constátase unha evidente falla de resposta por parte do conxunto das administracións públicas. A carencia dunha decidida promoción pública provoca que Vigo sexa a cidade co maior número de persoas rexistradas como demandantes de vivenda protexida, máis de 5.800, que na súa maioría optan na modalidade de alugueiro.

Nos últimos trece anos a Xunta de Galiza apenas desenvolveu dúas promocións públicas de vivenda na maior cidade do noso País, ás que se engade un moi escaso número de vivendas rehabilitadas por parte do Consorcio do Casco Vello, que nalgúns casos malia se tratar de vivendas protexidas presentan importes inasumíbeis para as familias traballadoras e persoas mozas.

Un exemplo clamoroso da nefasta política de vivenda desenvolvida polo actual Goberno galego, está no novo Plan Parcial de Navia no que das 1.600 vivendas previstas apenas 80 serán de promoción pública e cunha moi insuficiente oferta de vivenda protexida en réxime de alugueiro. Da inacción da Xunta de Galiza dá boa conta o feito de ter deixado sen executar o 60% das partidas destinadas a vivenda do seu orzamento no pasado 2021.

A nivel municipal comprobamos como o Goberno local ten desistido, deliberadamente, de actuar para facilitar o acceso social á vivenda na nosa cidade, incumprindo deliberadamente os seus propios compromisos, como o anunciado polo actual alcalde, Abel Caballero, en abril de 2007 de que se promoverían 6 mil vivendas protexidas en 4 anos. Porén, quince anos despois non se materializou ningunha delas. Ao contrario, non utilizou os aproveitamentos urbanísticos para articular un parque municipal de vivenda, senón que acabaría por vender vivendas de titularidade municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 34 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A ausencia dun parque público de vivenda na nosa cidade provoca que non existan alternativas habitacionais en Vigo para as persoas e familias que son desafiuzadas.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar a Xunta de Galiza e ao Goberno español para cooperar e, no exercicio das súas respectivas competencias, adoptaren todas as medidas necesarias para frear o aumento dos prezos da vivenda, tanto en réxime de compra-venta como de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda.
2. Instar ao Goberno español a transferir as vivendas e solo de titularidade da Sareb para a promoción de vivenda protexida.
3. Esixir da Xunta de Galiza o exercicio pleno das súas competencias no referido á promoción do acceso social á vivenda na cidade de Vigo e, singularmente, instala a garantir unha alternativa habitacional digna no noso termo municipal ás persoas e familias en situación de vulnerabilidade social que sexan vítimas dun desafiuzamento, así como a despregar unha decidida promoción pública de vivenda na nosa cidade.
4. Instar a Xunta de Galiza a modificar as previsións no Plan Parcial de Navia para aumentar substancialmente as vivendas de promoción pública para as destinar a alugueiro a prezos asequíbeis.
5. Instar o Goberno municipal a adoptar as seguintes medidas:
  - a Impulsar a creación dunha Axencia Local de Vivenda Protexida e Social para promover e xestionar un parque municipal de vivenda en Vigo.
  - b Promover a subscrición de convenios para a cesión, de titularidade ou de uso, das vivendas desocupadas na cidade dos que é propietaria a Sareb e entidades financeiras privadas que foron rescatadas con fondos públicos, ao efecto de constituír con estas un parque municipal de vivenda en réxime de alugueiro a prezos asequíbeis.
  - c Axilizar a planificación en detalle das figuras urbanísticas incluídas no proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal e que se prevé sexan destinados maioritariamente á promoción de vivenda protexida.
  - d Destinar os aproveitamentos urbanísticos que lle correspondan ao Concello para os incorporar a un parque municipal de vivenda.
  - e Crear un programa municipal de apoio e promoción do cooperativismo de vivenda na cidade.
  - f Estabelecer un plan de acción local destinado a mobilizar as 18.500 vivendas desocupadas existentes na cidade, co obxectivo de aumentar a oferta de alugueiro a prezos asequíbeis.
  - g Poñer en marcha un Plan Municipal Facilitador do Alugueiro en Vigo, que inclúa entre outras medidas que o Concello asuma e responda polos avais e seguros que están esixindo as e os propietarios de cara a subscibir os contratos de alugueiro, así como unha liña de axudas municipais para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 35 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- anticipar os pagos das fianzas e permitir a súa devolución en 24 meses sen xuros, destinada especialmente a mocidade e persoas con baixos recursos.
- h) Garantir a reserva da metade das vivendas protexidas que se promovan por iniciativa pública do Concello de Vigo para crear un programa de acceso á vivenda para persoas menores de 35 anos.
  - i) Adoptar as medidas necesarias para frear a proliferación de pisos turísticos e vivendas vacacionais na cidade e elaborar unha ordenanza municipal para o seu regulamento.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Preside a terceira Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana por atoparse ausente o Sr. Pardo Espiñeira, tamén se atopa ausente no momento da votación a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño.*

Procédese á votación por puntos:

VOTACIÓN PUNTOS DO 1 AO 4: Con dezanove votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e máis dos membros do grupo municipal grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e catro abstencións dos membros do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, quedan aprobados.

VOTACIÓN PUNTO 5: Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitado o punto nº 5 e adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar parcialmente (puntos do 1 ao 4) a Moción presentada, en data 2.09.2022 (Rex. Nº 3532/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, quedando do xeguinte xeito.

1. Instar a Xunta de Galiza e ao Goberno español para cooperar e, no exercicio das súas respectivas competencias, adoptaren todas as medidas necesarias para frear o aumento dos prezos da vivenda, tanto en réxime de compra-venda como de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 36 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2. Instar ao Goberno español a transferir as vivendas e solo de titularidade da Sareb para a promoción de vivenda protexida.

3. Esixir da Xunta de Galiza o exercicio pleno das súas competencias no referido á promoción do acceso social á vivenda na cidade de Vigo e, singularmente, instala a garantir unha alternativa habitacional digna no noso termo municipal ás persoas e familias en situación de vulnerabilidade social que sexan vítimas dun desafiuzamento, así como a despregar unha decidida promoción pública de vivenda na nosa cidade.

4. Instar a Xunta de Galiza a modificar as previsións no Plan Parcial de Navia para aumentar substancialmente as vivendas de promoción pública para as destinar a alugueiro a prezos asequíbeis.

## **12.(164) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA A CREACIÓN DUNHA OFICINA MUNICIPAL DA ENERXÍA QUE PROMOCIONE AS COMUNIDADES ENERXÉTICAS LOCAIS E OUTRAS MEDIDAS DE ÍNDOLE ENERXÉTICO EN VIGO. EXPTE. PLENO 3523/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de setembro de 2022, número 3523/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCION PARA A CREACIÓN DUNHA OFICINA MUNICIPAL DA ENERXIA, QUE PROMOCIONE AS COMUNIDADES ENERXÉTICAS LOCAIS E OUTRAS MEDIDAS DE ÍNDOLE ENERXÉTICO EN VIGO.

Xa non é unha cuestión opinable, o cambio climático está a condicionar xa as nosas vidas. Desde os incendios que arrasaron Galicia este verán, ata a situación de emerxencia hídrica que vive a cidade de Vigo teñen, entre outras causas, a profunda degradación ambiental á que sometemos ao Planeta. Afortunadamente, parella a esta situación, a sensibilidade ambiental de cada vez máis persoas, especialmente entre a mocidade, está cada vez máis presente na opinión pública baixo a idea da necesidade de accións para responder ao Cambio Climático.

Entre as cuestións que cada parte da sociedade, e entre elas as administracións públicas, poden acometer, é comprometerse coa utilización das enerxías renovables e a contención do consumo enerxético, máxime nunha situación mundial de profunda incerteza ante os custos económicos e sociais provocados pola guerra de Ucraína.

Pese ao anuncio recente do Goberno de coalición de implementar a excepcionalidade enerxética no estado, avalada pola UE e o anuncio amplamente esperado de rebaixa do IVE do 21 ao 5% do gas, o problema segue estando tamén radicado nos altos consumos enerxéticos e a aínda pequena expansión das enerxías renovables.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que xa opera para financiar diversos servizos e proxectos públicos, busca entre outras cousas a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 37 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

emprego, a reconstrución sólida e resiliente tras a crise sanitaria e a económica derivada da COVID. Se non se afoga entre resistencias burocráticas, o estado Español terá máis de 140.000 millóns de euros en transferencias e créditos no próximos seis anos.

Entre os aspectos que recolle este Plan, púxose enriba da mesa a posibilidade de crear Comunidades Enerxéticas Locais e a participación social na transición enerxética mediante os seguintes eixos:

- Desenvolvemento de proxectos que impliquen a formación ou que teñan como promotores comunidades enerxéticas que poderán incluír, entre outros:

- Producción eléctrica con enerxía renovable, para autoconsumo ou para entrega a rede.
- Producción de calor e/o frío con enerxía renovable.
- Proxecto de rede de distribución de calor e/o frío.
- Servizos de eficiencia enerxética.
- Servizos de mobilidade sostible ou recarga para vehículos eléctricos.

- Asistencias técnicas e asesoramento a entidades públicas, individuos e asociacións para o fomento deste tipo de iniciativas. Elaboración de estudos de mercado e follas de roteiro que permitan ás comunidades a súa posta en marcha.
- Actuacións de promoción e labores de información, formación e desenvolvemento de capacidades.
- Proxectos de participación societaria ou financeira no ámbito das comunidades enerxéticas e a participación social.

Sen dúbida a principal actuación que terá que acometer o Goberno é a creación dunha empresa enerxética pública, pero sempre que isto non se desenvolve, actuacións como as Comunidades Enerxéticas Locais serán sen dúbida un instrumento de futuro para a organización e sustentabilidade enerxéticas das nosas cidades, A Unión Europea, na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, defíneas como entidades xurídicas ao redor das cales se agrupan persoas, pequenas empresas, asociacións e entidades públicas locais para desenvolver, xuntas, actividades baseadas na promoción de enerxías renovables (electricidade, calor e frío), eficiencia enerxética, mobilidade sostible, etc; todo iso orientado a buscar beneficios sociais, ambientais e económicos na súa contorna.

Tendo en conta a lexislación vixente sobre a estrutura de propiedade das comunidades enerxéticas. Esta inclúe diferentes formas legais - asociacións, cooperativas, fideicomisos e fundacións comunitarias, empresas de responsabilidade limitada, empresas sen ánimo de lucro, asociacións de propietarios ou empresas públicas - .

O pasado 8 de abril de 2011 o Concello de Vigo adheriuse ao “Pacto de Alcaldías polo Clima e a Enerxía”, cuxo obxectivo é reducir os gases de efecto invernadoiro, adoptar un enfoque común para adaptarse ao cambio climático e facer fronte á pobreza enerxética, sumando así a acción local a esta iniciativa mundial. Con esta adhesión, o Goberno municipal vigués facíase corresponsable cdo cumprimento dos obxectivos contidos no Pacto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 38 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Este pacto supón o maior movemento mundial de municipios pola acción local sobre clima e enerxía (neste momento son 10,608 os municipios asinantes, pertencentes a máis de 60 países de todo o mundo).

Este compromiso baséase, en primeiro lugar, na redución das emisións de CO2 e doutros GEI nun mínimo do 40% ata o 2030. En segundo lugar, no aumento da súa resiliencia mediante a adaptación aos impactos derivados do cambio climático e, en terceiro lugar, en levar a cabo accións no ámbito local elaborando plans de acción así como informando do estado da súa implantación.

As entidades locais asinantes do Pacto comprometéronse a presentar, no prazo de dous anos a partir da decisión do pleno municipal, un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) coas accións a desenvolver, incluíndo un Inventario de emisións de referencia (ano 2005), e unha Avaliación dos riscos e vulnerabilidades climáticas.

Tras dez anos, os compromisos adquiridos non foron traducidos en accións concretas e as escasas medidas que se tomaron tampouco foron fiscalizadas polo Pacto de Alcaldías polo Clima e a Enerxía, ignorándose deste xeito a súa eficacia.

Polo exposto o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

#### ACORDOS:

1. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á asignación dunha partida orzamentaria para a creación, dentro desta lexislatura, dunha Oficina Municipal do Clima e a Enerxía cuxas funcións, entre outras serán:

1) Ofrecer asesoramento no relativo á enerxía e subministros a todas as persoas, físicas ou xurídicas censadas na cidade que así o soliciten. Incluirá asesoramento sobre tarifas, descontos, potencia contratada así como de medidas para o aforro ou tramitación de cambios contractuais ou outras xestións como a solicitude de descontos coas compañías.

2) Elaboración plans de formación, e talleres sobre dereitos enerxéticos e a eficiencia nos fogares e nas empresas así como sobre a empoderamento na enerxía.

3) Estudo e apertura de procesos para o cambio do subministro eléctrico nas dependencias municipais con empresas e cooperativas enerxéticas sociais e verdes

2. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á asignación dunha partida orzamentaria específica adicada á promoción de proxectos enerxéticos de ámbito local.

3. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a crear unha Ordenanza Fiscal do Clima e a Enerxía, que impulse a xeración de enerxía renovable a través de diferentes bonificacións, como a redución de impostos de carácter municipal como o IBI, o ICIO e o IAE.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 39 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a analizar as superficies dispoñibles dentro do espazo propiedade do Concello para emprender un proxecto de xeración renovable local integral estudando a posibilidade de crear unha empresa pública ou ben ofrecer esas superficies aos colectivos que queiran impulsar este tipo de proxectos, sen ánimo de lucro.

5. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á realización dunha auditoría enerxética completa que conteña os recursos enerxéticos dispoñibles en todo o municipio (consumos nos inmobles, iluminación pública, sistemas de abterías ou estacións de recarga de vehículos eléctricos,) co fin de mellorar estas infraestruturas e promover unha transición enerxética enfocada a reducir consumos e custos.

6. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a promover a creación dunha comercializadora de electricidade con garantía de procedencia renovable con participación público-comunitaria ou coa participación dalgunha cooperativa enerxética que xa opere no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Atópanse ausentes no momento da votación as concelleiras, Sras. Rodríguez Calviño e Caride Estévez.*

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas , e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 1.09.2022 (Rex. Nº 3523/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**13.(165) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A REALIZAR UNHA AUDITORÍA EXTERNA DA CONCESIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA CIDADE DENDE O ANO 2011 ATA A ACTUALIDADE, DANDO CONTA AO PLENO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3528/1101.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 40 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de setembro de 2022, número 3528/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

## MOCIÓN

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 25.2 c) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local establece como competencia propia dos Concellos o abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais. O actual modelo de abastecemento de saneamento de auga en Vigo data de outubro de 1990, cando se outorgou a actual concesión e se rexe polo prego e polo contrato que entón, hai máis de tres décadas, se aprobou. Hoxe temos unhas necesidades completamente novas, uns requirimentos ambientais e unha lexislación que nada ten que ver con aquela realidade, e resultando moi cuestionable a oportunidade e mesmo a legalidade dunha prórroga, o actual goberno de Vigo o fixo dúas veces: Unha no ano 2011, condicionado a realización dunhas obras por importe de 40 millóns de Euros das que, máis alá da expropiación da EDAR do Lagares, nada se soubo. E outra o 31 decembro de 2020 de xeito extraordinario e urxente o último día do ano nun expediente tramitado en catro días adxudicando con cargo á concesión a modernización da Estación de Tratamento de Auga Potable do Casal.

O actual modelo susténtase economicamente en cobrar ao usuario a auga máis cara de Galicia, segundo a OCU. E non só iso, porque aprobaron unha nova tarifa que, coa pretexto de cobrar o consumo real, establece tres cotas fixas sensiblemente equivalentes ao consumo mínimo que viñamos pagando os vigueses para, a partir delas, cobrar ademais o consumo real. A día de hoxe descoñecemos en canto se incrementou a millonaria recadación dos recibos de auga na cidade.

Por outra banda, a prórroga supuxo a adxudicación directa á concesionaria da obra pública máis grande da historia da cidade: a modernización da ETAP do Casal, case 23 M de euros con cargo á tarifa que pagamos os usuarios. O goberno sabe dende 2007 que a auga en Vigo non ten un problema de cantidade, se non de calidade, posto que a potabilizadora é tan obsoleta que non pode tratar as augas do encoro de Eiras por debaixo de determinada cota, cando inda está cheo ao 40%. Ese problema, que se fixo moi evidente no ano 2017 co gallo da seca que entón vivimos tivo ao goberno local cruzado de brazos e non foi quen de realizar ningunha iniciativa na ETAP: preferiu esperar á finalización da concesión demorando a obra tres anos para finalmente adxudicarlle á concesionaria coa prórroga e con cargo ao recibo cando o lóxico tería sido buscar financiación europea e licitala con publicidade, transparencia e liberdade de acceso a calquera licitador. Mesmo pedimos que o goberno central declarase a obra de interese xeral para facela con fondos do estado como en Pontevedra, Lugo e Ourense, pero o alcalde non quixo. Así que a obra a realiza a concesionaria a dedo e a pagamos os vigueses co recibo con moitos anos de retraso.

E non só os vigueses. A auga que Aqualia subministra á cidade ten un prezo porque se potabiliza en Vigo, abastécese por unhas redes con cargo á concesionaria e depúrase nunha depuradora que mantén a concesionaria. E Aqualia xa cobra por todo iso. É un proceso que realiza de forma íntegra Aqualia polo que cobra preto de 1 euros o metro cúbico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 41 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Pero Aqualia fornece tamén auga a outros 7 concellos, onde non ten nin o mantemento das redes nin a depuración en 4 deles nin sequera a potabiliza, mándalla en bruto. O total de auga que se retribúe á empresa e que se vai fóra da cidade son 11,1 M de metros cúbicos. Case 11 millóns de Euros. Esa auga a concesionaria a cobra ao Concello de Vigo polos prezos da concesión como se quedase na cidade e o Concello de Vigo a cobra aos limítrofes a un prezo inferior. Esa diferenza supón un desequilibrio a favor da empresa que foi advertido polo interventor xeral no informe da pórroga e supón varios millóns de euros ao ano.

Procede e así o pedimos, transparencia, auditorías independentes, que se explique claramente o destino de cada euro e que se dea conta da nova tarifa. Pero tamén é preciso que, dunha vez, se elimine a constante improvisación e ante as situacións da seca Vigo dispoña do Plan de Emerxencia que lle obriga a Lei do plan Hidrolóxico Nacional, como a todos os concellos de máis de 20.000 habitantes, no que se contemplan as medidas precisas e proporcionadas coa suficiente antelación e coa transparencia necesaria para que a cidadanía, as empresas e os servizos municipais estean preparados.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Vigo propón ao Concello Pleno que inste ao goberno local:

1. Realizar unha auditoría externa da concesión de abastecemento e saneamento da cidade dende o ano 2011 ata a actualidade dando conta ao Pleno
2. Dar conta aos grupos municipais da corporación das cantidades cobradas pola nova tarifa de auga aprobada polo Pleno o 24 de febreiro de 2021
3. Remitir aos grupos municipais toda a documentación relativa á obra de modernización da ETAP do Casal, tanto técnica como económica, incluíndo un cronograma que detalle a execución das obras.
4. Establecer de inmediato as medidas reclamadas polo interventor xeral para corrixir os desequilibrios de carácter estrutural que se producen a favor da concesionaria como consecuencia de se aplicar as tarifas da concesión que inclúen servizos e obras que non se prestan neses concellos.
5. Aprobar, logo da tramitación precisa e con intervención de asociacións veciñais e axentes económicos e sociais e dos grupos políticos municipais, un Plan de Emerxencia ante as Situacións de Seca como obriga a Lei."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, tres abstencións do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 42 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia adóptase o seguinte,

#### ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 2.09.2022 (Rex. Nº 3528/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### FORMULACIÓN DE ROGOS.

**14.(166)** Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que se convoque con carácter urxente o Consello Sectorial de Medio Ambiente do Concello para avaliar as medidas adoptadas polo Goberno local fronte a situación de seca, e para definir de maneira participada as liñas de actuación que garantan o subministro de auga e permitan avanzar a un novo modelo de xestión da auga, que aposte na racionalidade, na sustentabilidade ambiental e na súa xestión pública.

**15.(167)** Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes. Rogamos que se controle a ubicación casa de apostas situada na rúa Florida a fin de garantir que cumpre a lexislación vixente que obriga a distanciarse en máis de 150 metros dun centro educativo regulado como é, neste caso, o Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

**16.(168)** Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. Traslado un rogo dos veciños da Praza de Portugal, de que se tomen medidas para evitar o botellón que se fai na praza e que se faga limpeza unha vez que pasa esa noite de festivo na que se produce o botellón

### FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**17.(169)** Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Que medidas vai adoptar o Goberno municipal para evitar a situación de inseguridade á que somete á cidade o feito de non dispoñer en cada xornada dun mínimo de 20 efectivos en activo no servizo de bombeiros?

**18.(170)** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa. ¿Vai emendarse a xestión no servizo de extinción de incendios no tocante a emprego, recursos e organización do servizo aproveitando o cambio de persoa responsable da Concellería?



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 43 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**19.(171)** Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. ¿Cantas incidencias quedaron sin atender entre o mes de xuño e o 31 de agosto deste ano, pola precariedade no servizo de bombeiros?.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Agosto  
Legislatura: Mandato 2019-2023  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Miércoles, 7 de Septiembre de 2022 12:41:00  
Fecha Fin : Miércoles, 7 de Septiembre de 2022 16:09:05  
Duración : 03:28:05

- HTML

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3228](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3228)

- Media (MASTER)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.1 GiB

SHA512 -  
d4459573df51d12658ecc510e79746f056994c7a102005981e83e62a071b3fadb5060fe  
a70f05bc60e7bab1c9094c6d4989f21d068bb6e3deae1d273284b21ae

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;

00:01:09 - Caballero Álvarez, Abel

00:02:36 - Caballero Álvarez, Abel

00:02:38 : 1. Desafectación do dominio público de parcelas e edificacións municipais de equipamento deportivo, reserva de estacionamento e parque urbano de Cornixa nos terreos da antiga ETEA. Expte.21023/240 (Expte. Pleno 3507/1101).

00:02:51 - López Font, Carlos

00:07:59 - Caballero Álvarez, Abel

00:08:06 - Pérez Iglesias, Xabier

00:10:07 - Caballero Álvarez, Abel

00:10:10 - Pérez Correa, Rubén

00:15:15 - Caballero Álvarez, Abel



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/10/2022 14:46

Páxina 44 de 48

3548-1101

CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 00:15:18 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 00:20:28 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:20:32 - López Font, Carlos  
 00:23:40 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:23:50 - Votación [9:32:30]  
 00:23:54 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:24:01 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:24:04 - Votación [9:32:45]
- 00:25:00 : 2. Determinación das festividades locais no ano 2023. Expte. Pleno 3505/1101.  
 00:25:25 - Votación [9:34:05]  
 00:25:43 - Minuto de silencio
- 00:26:53 : 3. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto e material escolar. Expte. Pleno 3526/1101.  
 00:27:06 - Gomez Díaz, Gorka  
 00:31:33 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:31:38 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:33:42 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:33:46 - Méndez Fuentes, Oriana  
 00:37:28 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:37:33 - Bartolomé Tocino, Carlota  
 00:42:03 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:42:06 - Gomez Díaz, Gorka  
 00:45:06 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:45:11 - Votación [9:53:51]
- 00:45:39 : 4. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a redución do número de alumnos por aula, mellorando a calidade educativa, e a garantir os postos de traballo de todo o profesorado dos centros da cidade. Expte. Pleno 3527/1101.  
 00:45:57 - Gomez Díaz, Gorka  
 00:50:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 00:50:15 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:52:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 00:52:28 - Méndez Fuentes, Oriana  
 00:56:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 00:56:30 - Bartolomé Tocino, Carlota  
 01:01:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:01:54 - Gomez Díaz, Gorka  
 01:05:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:05:16 - Votación [10:13:57]
- 01:05:47 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan de Choque para reducir as listas de agarda de valoración de persoas dependentes e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3529/1101.  
 01:06:02 - Aguiar Castro, Yolanda  
 01:11:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:11:17 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:13:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:13:29 - Méndez Fuentes, Oriana  
 01:18:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:18:07 - Lopez Roman, Patricia  
 01:22:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:22:10 - Aguiar Castro, Yolanda  
 01:25:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:25:27 - Votación [10:34:07]



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 45 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 01:26:01 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a asumir as súas competencias para garantir os recursos hídricos necesarios para asegurar o abastecemento da poboación e a actividade económica de Vigo. Expte. Pleno 3530/1101.
- 01:31:56 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:34:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:34:27 - Pérez Correa, Rubén  
 01:39:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:39:35 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 01:44:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:49:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:49:41 - Votación [10:58:21]
- 01:50:14 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando a implementar unha liña de subvencións ao transporte público urbano de Vigo que posibilite minorar o custo do billete e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3531/1101
- 01:56:34 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:58:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:58:47 - Pérez Correa, Rubén  
 02:03:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:03:57 - Egerique Mosquera, Teresa  
 02:09:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:17:12 - Votación [11:25:52]
- 02:17:52 : 8. Dar conta de resolucións da Alcaldía do 19.07 ao 26.08.22. Expte. 1277/1102 (Expte. Pleno 3518/1101)
- 02:18:09 : 9. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 19.07 ao 26.08.22. Expte. 1278/1102 (Expte. Pleno 3519/1101).
- 02:18:21 : 10. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 8.08.22, referente á estrutura da Corporación e Delegación 2019-2023. Expte. Pleno 3520/1101.
- 02:18:36 : 11. Moción do concelleiro membro non adscrito instando á Xunta de Galiza e ao Goberno español para cooperar e adoptar todas as medidas necesarias para frear o aumento dos prezos da vivenda, tanto en réxime de compra-venda como de alugueiro facilitando o acceso social á vivenda e outros acordos complementarios. Expte. 3532/1101.
- 02:19:19 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:21:27 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:21:31 - Pérez Correa, Rubén  
 02:26:29 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:26:33 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 02:31:40 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:31:47 - Caride Estévez, María José  
 02:36:59 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:37:08 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:38:23 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:38:26 - Votación [11:47:07]  
 02:38:49 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:38:58 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:38:59 - Votación [11:47:39]  
 02:39:07 - Votación [11:47:47]
- 02:40:23 : 12. Moción do grupo municipal Mixto para a creación dunha oficina municipal da enerxía que promociione as comunidades enerxéticas locais e outras medidas de índole enerxético en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 46 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Vigo. Expte. Pleno 3523/1101.
- 02:40:38 - Pérez Correa, Rubén  
 02:45:48 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:45:50 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:47:53 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:47:58 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 02:49:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:49:58 - Aneiros Pereira, Jaime  
 02:54:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:55:04 - Pérez Correa, Rubén  
 02:57:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:57:59 - Votación [12:06:40]
- 02:58:29 : 13. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a realizar unha auditoría externa da concesión de abastecemento e saneamento da cidade dende o ano 2011 ata a actualidade, dando conta ao Pleno e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3528/1101.
- 02:58:49 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:03:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:04:05 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:06:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:06:06 - Pérez Correa, Rubén  
 03:11:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:20:22 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:23:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:24:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:24:45 - Votación [12:33:25]
- 03:25:28 : 14. Formulación de rogos.  
 03:25:30 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:25:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:26:04 - Méndez Fuentes, Oriana  
 03:26:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:26:26 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:26:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:26:46 : 15. Formulación de preguntas.  
 03:26:47 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:26:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:27:03 - Pérez Correa, Rubén  
 03:27:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:27:17 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:27:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:27:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:28:05 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e trinta e cinco minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 12/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.  
 am.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 47 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez  
Pardo Espiñeira  
Espinosa Mangana

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2022 14:46	Páxina 48 de 48
3548-1101	CSV: A8AFB3-21CFA8-37348D-Z6S1EC-QDWL9L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		